

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 22 de outubro de 2012 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Fisterra (A Coruña).

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Fisterra, instalación portuaria situada no termo municipal do mesmo nome na provincia da Coruña e adscrita ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa nova formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia, que tivo lugar o día 18 de outubro de 2012, este acordou darlle a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Fisterra, segundo o disposto no artigo 13 e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro; e no referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez visto o expediente e o informe-proposta do director de Portos de Galicia do 11.10.2012, así como o Acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 18.10.2012 que lle dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Fisterra, e elevado e proposto para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar, conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVO:

Aprobar o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Fisterra (A Coruña), asinado en decembro de 2011 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Iñaki Cubillo Bueno, como autor, Andrés D. Cervantes Refojos, como director do documento, e Ana Isabel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria.

O que se fai público en cumprimento do artigo 69.6 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2012

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia